

Acordo do Consello de Goberno, do 30 de setembro de 2025, polo que se aproba a Normativa que regula as figuras de coordinación académica das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	3
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación	3
Artigo 2. Figuras de coordinación académica	3
CAPÍTULO II. Requisitos, nomeamento e cesamento	4
Artigo 3. Requisitos	4
Artigo 4. Nomeamento e designación	4
Artigo 5. Substitución	5
Artigo 6. Cesamento	6
CAPÍTULO III. Funcións das persoas coordinadoras	6
Artigo 7. Disposicións xerais	6
Artigo 8. Funcións da coordinación de titulación	7
Artigo 9. Funcións da coordinación de materia	9
CAPÍTULO IV. Dereitos, recursos, recoñecemento e participación institucional	10
Artigo 10. Dereitos xerais	10
Artigo 11. Recursos e apoios dispoñibles	11
Artigo 12. Participación institucional e coordinación	12
Artigo 13. Incentivos vinculados ao desempeño da coordinación	12
Disposición adicional única. Equivalencia terminolóxica	13
Disposición transitoria única. Aplicación temporal	13
Disposición derogatoria única. Derrogación normativa	13
Disposición final primeira. Habilitación	13
Disposición final segunda. Entrada en vigor	13

PREÁMBULO

A figura da persoa coordinadora das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña (UDC) constitúe unha peza clave na organización e xestión académica das titulacións. Contribúe activamente á coordinación vertical e horizontal das ensinanzas e á aplicación coherente do que está recollido na memoria verificada. Participa no seguimento e as accións de mellora continua, así como nos procesos de avaliación interna e externa, e serve de referente para a atención e apoio ao estudantado e ao profesorado da titulación.

A normativa estatal, en particular o Real decreto 822/2021, recoñece expresamente a relevancia das coordinacións das titulacións na estratexia innovadora das universidades para dar resposta aos retos sociais, económicos, tecnolóxicos e culturais de cada momento. Así se recolle ao sinalar: (...) *se promueve la innovación docente de forma que esta se convierta en una estrategia fundamental de las universidades, de los centros y de las coordinaciones de las titulaciones* (...).

Os Estatutos da UDC, recentemente aprobados polo Claustro, prevén expresamente a creación de órganos e figuras de coordinación académica como instrumentos para facilitar e mellorar a xestión das titulacións, o que reflicte a súa importancia na estrutura de calidade e goberno académico dos centros.

Na UDC, a figura de coordinadora ou coordinador de titulación vénse desenvolvendo desde a implantación das ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior (EEES). Ata agora este desempeño realizouse sen unha regulación específica común para todas as titulacións, o que xerou certa dispersión e falta de homoxeneidade. A aprobación deste regulamento responde así á necesidade de dotar a Universidade dun marco normativo propio que defina con claridade os requisitos, as funcións, as responsabilidades e os dereitos asociados a esta figura e que proporcione a seguridade xurídica e a coherencia institucional que esixe unha función tan relevante. A experiencia acumulada nestes anos constitúe unha base sólida para reforzar os aspectos positivos detectados e corrixir as carencias observadas na práctica cotiá da coordinación académica, así como para consolidar o procedemento periódico de nomeamento mediante convocatoria pública e os obxectivos estratéxicos establecidos para a mellora e internacionalización das titulacións.

Este regulamento consolida a figura da coordinadora ou coordinador das titulacións oficiais de grao e mestrado como axente clave na calidade, na innovación e na xestión universitaria e senta as bases para o desenvolvemento doutras figuras complementarias, como as de coordinación de curso e de materia, que contribúen ao mellor funcionamento e calidade das titulacións para garantir que quen asuma estas tarefas conte co apoio, os medios e o recoñecemento necesarios para as desempeñar en beneficio da comunidade universitaria.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto establecer un marco común para a coordinación académica das titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña (UDC). Delimita as competencias da coordinación, define as súas funcións esenciais e os seus dereitos, así como os requisitos para o seu nomeamento. Busca garantir a adecuada organización das titulacións e asegurar que as persoas que asuman estas tarefas contén co apoio, os medios e o recoñecemento necesarios para as desempeñar con eficacia.

2. O regulamento é de aplicación ás persoas designadas para tarefas de coordinación académica nas titulacións oficiais de grao e mestrado impartidas na UDC, sexan propias ou conxuntas, nacionais ou internacionais. De ser o caso, tamén aplica para as persoas coordinadoras de estruturas curriculares recollidas nas memorias de verificación dos títulos, tales como mencións e especialidades, mencións duais, programas de ensinanza de grao con itinerario académico aberto ou programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico. Así mesmo, seralles de aplicación ás persoas responsables da coordinación das materias que integran os plans de estudos das titulacións de grao e mestrado.

3. Este regulamento é aplicable tanto ás persoas que estean en exercicio no momento da súa entrada en vigor como ás que sexan nomeadas ou designadas con posterioridade, sen prexuízo do disposto nas disposicións transitorias.

Artigo 2. Figuras de coordinación académica

1. As titulacións oficiais de grao e mestrado da Universidade da Coruña poderán contar con diferentes figuras de coordinación académica, en función das características da titulación, da súa estrutura organizativa ou da modalidade de impartición.

2. As figuras de coordinación reguladas neste regulamento inclúen, entre outras, as seguintes:

a) A persoa coordinadora da titulación (grao ou mestrado), como figura principal de referencia.

b) A persoa coordinadora de curso.

c) A persoa coordinadora de materia.

d) A persoa coordinadora de mencións en graos e especialidades en mestrados.

e) A persoa coordinadora de estruturas curriculares específicas recollidas nas memorias de verificación dos títulos, como itinerarios abertos ou programas de simultaneidade.

f) Outras figuras de coordinación que poidan ser recoñecidas polos centros, sempre que respondan a necesidades organizativas ou académicas da titulación, como as coordinacións de módulos, dobres titulacións ou curso, entre outras.

3. Todas as titulacións oficiais de grao e mestrado deberán contar cunha única persoa responsable da coordinación da titulación e cunha única persoa responsable da coordinación de cada materia. As demais figuras de coordinación reguladas neste artigo terán carácter opcional e a súa creación, número e distribución será determinada polo centro responsable, en función das necesidades da organización docente e conforme ao que estea disposto nas memorias de verificación e nas directrices institucionais da UDC.

4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, no caso de que non se designe expresamente a persoa para exercer a coordinación de título ou de materia, as funcións asociadas serán asumidas, no caso dos títulos, polo equipo directivo do centro responsable e no caso das materias polo departamento responsable da materia.

5. As persoas que desempeñen funcións de coordinación académica, de acordo co establecido neste regulamento, dependerán funcionalmente do decanato ou dirección do centro responsable da titulación, agás no caso das coordinacións de materia que dependerán do departamento correspondente.

6. As persoas que desempeñen funcións de coordinación exercerán o seu labor en colaboración cos órganos colexiados e unipersoais do centro, coas comisións vinculadas á titulación e cos servizos centrais da UDC, no marco das súas respectivas competencias.

CAPÍTULO II. Requisitos, nomeamento e cesamento

Artigo 3. Requisitos

1. As persoas responsables dunha figura de coordinación académica deberán pertencer ao persoal docente e investigador da UDC e, preferentemente, ter vinculación permanente coa universidade.

2. Con carácter preferente, deberán contar con dedicación a tempo completo e impartir docencia na unidade de coordinación que lles sexa asignada. Esta condición terá carácter obrigatorio para as coordinacións de titulacións de grao e mestrado, agás no caso de titulacións en proceso de extinción, en que a ausencia de docencia regrada exime do requisito de a impartir.

3. Estes requisitos deberánse manter durante o tempo en que se desempeñen as funcións de coordinación.

Artigo 4. Nomeamento e designación

1. O nomeamento das persoas coordinadoras das titulacións oficiais de grao e mestrado será realizado polo reitor ou reitora, por proposta do decanato ou dirección do centro a que estea adscrita a titulación, unha vez aprobada pola Xunta de Centro. Para estes efectos, o/a decano/a ou director/a poderalle propoñer á Xunta un/ha

candidato/a para a súa valoración e aprobación, de conformidade cos procedementos establecidos pola Universidade e coa normativa vixente.

2. A vicerreitoría con competencias en materia de titulacións abrirá, cunha periodicidade ordinaria de dous cursos académicos, unha convocatoria que centralizará a tramitación de todos os nomeamentos. Nesta convocatoria os centros deberán presentar as súas propostas, de acordo co indicado no apartado anterior.

3. O dito nomeamento terá unha vixencia de dous cursos académicos, con efectos desde a data indicada na resolución da convocatoria.

4. Para titulacións de nova implantación, a proposta de nomeamento da persoa coordinadora deberase realizar e comunicarlle á vicerreitoría con competencias en materia de titulacións antes do 1 de abril do ano natural anterior ao curso en que se prevea o inicio da implantación, para os efectos de garantir a súa participación na planificación docente do título.

5. Para cada curso académico, a persoa responsable da coordinación da materia será designada na plataforma de xestión académica da UDC polo departamento a que estea adscrita. A designación realizarase durante o proceso de elaboración do POD, de acordo coas indicacións da vicerreitoría con competencias en profesorado. A dita designación deberá recaer, sempre que sexa posible, nunha persoa que cumpra axeitadamente coas funcións que teña asignadas e que non presente incumprimentos reiterados ou incidencias relevantes no exercicio da coordinación ou da xestión académica. En caso de existir circunstancias que poidan afectar negativamente ao desenvolvemento eficaz da coordinación, o órgano responsable terá que as valorar no momento de realizar a designación.

No caso de materias impartidas por máis dunha persoa, área de coñecemento ou departamento, a coordinación será acordada entre os departamentos participantes na docencia.

6. Se proceder, as outras figuras de coordinación que figuran no artigo 2.2 serán directamente designadas pola persoa titular do decanato ou dirección do centro responsable da titulación, segundo o procedemento interno de cada centro.

Artigo 5. Substitución

1. En caso de renuncia, baixa prolongada, cesamento anticipado ou ausencia temporal que previsiblemente supere as 8 semanas, a persoa que exerza funcións de coordinación académica deberá ser substituída. O órgano responsable designará unha persoa substituta que asumirá a coordinación co fin de garantir a continuidade das funcións asignadas.

2. No caso das coordinacións de titulación, o centro deberá propor obrigatoriamente unha persoa substituta no menor prazo posible. De non o facer, as ditas funcións de coordinación serán asumidas polo equipo directivo do centro. A proposta deberalle ser comunicada á vicerreitoría con competencias en materia de titulacións e requirirá un novo nomeamento. Este terá efectos ata a reincorporación da persoa titular ou, no seu defecto, ata a finalización do período de coordinación vixente, salvo disposición expresa nas bases da convocatoria indicada no artigo 4.2.

3. No caso das coordinacións de materias, o departamento responsable deberá designar obrigatoriamente unha persoa substituta no menor prazo posible. De non o facer, as ditas funcións de coordinación serán asumidas pola dirección do departamento. A proposta deberalle ser comunicada á vicerreitoría con competencias en materia de profesorado e deberá ser rexistrada na plataforma de xestión académica da UDC. A designación terá efectos ata a reincorporación da persoa titular ou, no seu defecto, ata a finalización do curso académico en que se producise a substitución.

Artigo 6. Cesamento

1. As persoas que exerzan funcións de coordinación académica cesarán por algún dos seguinte motivos:

- a) Finalización do período para o que foron nomeadas ou designadas.
- b) A extinción definitiva da titulación correspondente, unha vez finalizado o seu período de vixencia administrativa.
- c) Renuncia debidamente comunicada e aceptada.
- d) Cambio de destino, situación administrativa ou dedicación incompatible co desempeño da coordinación.
- e) Decisión motivada do centro, por razóns organizativas ou de funcionamento.
- f) Extraordinariamente, por decisión motivada da vicerreitoría con competencias en titulacións, nos casos en que concorran circunstancias excepcionais que así o xustifiquen.
- g) Outras causas debidamente motivadas, sempre que sexan conformes coa normativa vixente da UDC.

2. No caso de cesamento por petición propia, a persoa coordinadora deberallo comunicar ao equipo directivo cun prazo mínimo dun mes de antelación respecto da data efectiva do cesamento, sempre que as circunstancias o permitan.

3. No caso de proposta de cesamento dunha coordinación de titulación por parte do centro, esta deberalle ser comunicada á vicerreitoría con competencias en titulacións, xunto coa decisión motivada. Así mesmo, a persoa coordinadora deberá ser informada cun prazo mínimo dun mes de antelación respecto da data en que o cesamento se faga efectivo, sempre que as circunstancias o permitan.

4. No caso de proposta de cesamento dunha coordinación de titulación por parte da vicerreitoría con competencias en titulacións, esta deberá estar debidamente motivada e seralle comunicada ao centro e á persoa coordinadora cun prazo mínimo dun mes de antelación respecto da data en que o cesamento se faga efectivo, sempre que as circunstancias o permitan. A dita proposta de cesamento deberá contar co informe favorable da Comisión de Plan de Estudos, con carácter previo á súa resolución.

CAPÍTULO III. Funcións das persoas coordinadoras

Artigo 7. Disposicións xerais

1. Este capítulo regula as funcións básicas das figuras de coordinación académica obrigatorias na UDC, a persoa coordinadora de titulación e a persoa coordinadora de

materia, segundo o que está disposto no artigo 2.3 deste regulamento. As persoas responsables destas coordinacións exercerán as súas funcións procurando o consenso co profesorado e os órganos implicados. Non obstante, nos casos en que non se alcance un acordo ou xurdan conflitos relacionados coa planificación, o desenvolvemento ou o seguimento académico, a decisión da persoa coordinadora prevalecerá no seu ámbito de responsabilidade, sen prexuízo das competencias dos órganos colexiados e unipersoais dos centros e departamentos.

2. As funcións asociadas ás demais figuras de coordinación poderán ser definidas polos centros responsables das titulacións, en función das súas necesidades organizativas e docentes. Estas deberán ser coherentes cos principios e obxectivos establecidos neste regulamento, e serán recollidas nos seus regulamentos de réxime interno ou noutra normativa ou acordo aprobado pola Xunta de Centro. Nestes casos, os centros poderán determinar o grao de autoridade e vinculación das decisións que adopten as persoas designadas, sempre que se especifique expresamente no acordo de creación da figura ou nas súas directrices internas.

3. As persoas coordinadoras de titulación só poderán asumir funcións adicionais non recollidas neste regulamento cando estas estean previstas en disposicións normativas da UDC ou cando sexan propostas polos centros, sempre que conten coa validación previa da vicerreitoría con competencias en materia de titulacións. En todo caso, garantirase que estas atribucións sexan proporcionadas, compatibles coa súa dedicación docente e coherentes cos principios establecidos neste regulamento.

4. No caso de títulos interuniversitarios, a persoa responsable da coordinación da titulación asumirá as funcións que lle correspondan segundo o previsto no convenio interuniversitario, exclusivamente no ámbito de responsabilidade da UDC.

Artigo 8. Funcións da coordinación de titulación

1. As persoas responsables da coordinación de titulacións oficiais de grao ou mestrado terán as seguintes funcións:

- a) No marco da Comisión da Titulación (CT), impulsar e favorecer a coordinación horizontal e vertical do plan de estudos e promover a colaboración entre cursos, materias e módulos, así como entre os diferentes colectivos participantes. Participará na proposta e revisión anual dos mecanismos de coordinación previstos no Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro e na identificación de accións de mellora, de ser o caso.
- b) Supervisar a actividade das demais figuras de coordinación académica recoñecidas polo centro no ámbito da titulación, co fin de favorecer a coherencia organizativa e o funcionamento coordinado do título.
- c) Participar na planificación académica e na organización da docencia, en colaboración cos equipos directivos do centro, departamentos e profesorado.
- d) Participar na planificación e desenvolvemento de actividades relacionadas coa xestión de TFG ou TFM, así como de Prácticas Externas, especialmente no caso de que non exista unha coordinación específica designada para estas funcións. A persoa coordinadora velará polo cumprimento das normas internas da titulación e informará a CT de calquera incidencia relevante.

- e) Coordinar e supervisar o proceso de elaboración e revisión das guías docentes das materias da titulación e velar pola súa adecuación á memoria de verificación do título, á normativa vixente da UDC e ás indicacións ou recomendacións que formule a vicerreitoría con competencias en materia de organización académica ou que resulten dos procesos internos e externos de avaliación e seguimento.
- f) Durante o proceso de elaboración e revisión das guías poderanlle dar indicacións ou recomendacións, así como solicitar aclaracións ou propoñer modificacións, de xeito xustificado, á persoa responsable da coordinación da materia, que deberán ser atendidas dentro dos prazos oficiais establecidos pola UDC.
- g) Verificar que as modificacións propostas á persoa responsable da coordinación da materia foron incorporadas correctamente e validar e publicar as guías docentes – unha vez confirmada a súa coherencia global – para a súa aprobación posterior polos órganos responsables. No caso de incumprimento ou discrepancias non resoltas, trasladaranlles a incidencia ao centro e aos departamentos implicados na docencia, como órganos competentes e responsables da aprobación final e publicación das guías docentes, por medio dun informe ou relación das materias afectadas e das incidencias de que se trate, co fin de facilitar a súa revisión polos órganos correspondentes.
- h) Velar polo cumprimento da memoria verificada da titulación e promover, se procede, propostas de modificación conforme aos procedementos establecidos.
- i) Colaborar coa persoa responsable de calidade da facultade ou escola na implantación e desenvolvemento do SGC do centro, participar na xestión dos procesos relacionados co título e coordinar as accións necesarias para a súa análise e mellora por parte da comisión correspondente.
- j) Colaborar na elaboración do autoinforme anual de seguimento e de renovación da acreditación, así como na recompilación de evidencias e indicadores na aplicación informática correspondente.
- k) Colaborar na elaboración dos informes e na recollida das evidencias e indicadores necesarios para os procesos de verificación, modificación e outros procedementos de avaliación externa que afecten á titulación, incluíndo, se é o caso, solicitudes de mencións de excelencia ou selos de calidade.
- l) Fomentar a participación do alumnado, do profesorado e dos demais colectivos implicados nas enquisas de satisfacción recollidas no Sistema de Garantía de Calidade, promover a súa difusión e facilitar a súa realización.
- m) Colaborar na revisión e actualización da información pública da titulación nos medios institucionais, como a páxina web, os catálogos ou outras plataformas, conforme ao establecido no SGC.
- n) Informar, orientar e atender o estudantado e o profesorado da titulación, canalizar as súas demandas e incidencias e promover solucións en coordinación cos órganos correspondentes. Para este fin, a persoa coordinadora da titulación manterá unha colaboración fluída co equipo de dirección e coa coordinación do

PAT do centro, facilitará a derivación ao profesor/a titor/a cando sexa necesario e contribuirá a organizar as accións de acollida e orientación do estudantado.

- o) Comunicarlle ao equipo directivo do centro as posibles incidencias ou conflitos que poidan xurdir durante o desenvolvemento das funcións de coordinación e mediar para contribuír á súa resolución.
- p) Colaborar co centro na organización e desenvolvemento de accións dirixidas á promoción da titulación, á captación de novo alumnado e á acollida e información ao estudantado de novo ingreso, en coordinación cos servizos universitarios implicados.
- q) Colaborar coas persoas responsables de mobilidade do centro, tanto na validación das materias que os estudantes saíntes inclúen nos seus contratos de estudos, como no estudo da correspondencia entre programas formativos para establecer novos acordos académicos de intercambio.
- r) Asumir calquera outra función relacionada coa titulación que lle sexa atribuída polas normativas internas vixentes da UDC ou polos órganos competentes da Universidade, no ámbito das súas funcións.

2. As persoas responsables da coordinación de titulacións oficiais de mestrado terán asignadas, ademais, as seguintes funcións específicas:

- a) Representar a titulación ante os órganos da UDC e as vicerreitorías competentes, en cuestións específicas relacionadas co mestrado, sempre en coordinación co equipo directivo do centro responsable da titulación.
- b) Colaborar na organización do proceso de admisión ao mestrado, conforme ao establecido na memoria de verificación e nas convocatorias vixentes, participar na baremación das solicitudes e propoñer, se procede, os complementos formativos necesarios segundo o perfil de acceso das persoas admitidas.
- c) Colaborar coa vicerreitoría con competencias en materia de internacionalización na promoción da mobilidade do alumnado para detectar e comunicar as súas necesidades ou intereses neste ámbito.
- d) Colaborar na xestión e xustificación, de acordo coas normas establecidas pola vicerreitoría competente, dos fondos asignados ao mestrado, tanto os procedentes da UDC como os procedentes doutros organismos ou convocatorias externas.

Artigo 9. Funcións da coordinación de materia

1. A persoa responsable da coordinación dunha materia é o/a profesor/a designado/a para coordinar, nun determinado curso académico, a actividade docente desa materia, que implicará todo o profesorado que nela imparta docencia, pertenza ou non ao mesmo departamento, para procurar o maior consenso posible nas decisións comúns.

No caso de desacordo ou conflito, e logo de tentar acadar consenso, corresponderalle tomar a decisión final no ámbito das súas funcións, do que deberá informar as persoas ou órganos competentes cando así se requira.

2. As persoas responsables da coordinación das materias terán como principais funcións:

a) Coordinar a planificación docente da materia co resto do profesorado implicado para asegurar que se cumpra o que está establecido na memoria da verificación da titulación e a normativa vixente da UDC.

b) Coordinar co resto do profesorado implicado a elaboración da guía docente da materia e asegurar que o seu contido se axuste ao disposto na memoria de verificación do título e na normativa vixente da UDC.

Durante o proceso de elaboración e revisión das guías deberá incorporar, de forma coordinada co profesorado, as indicacións ou recomendacións recibidas pola persoa coordinadora da titulación. As solicitudes de aclaración ou modificación que esta lle formule de xeito xustificado deberán ser atendidas dentro dos prazos oficiais establecidos pola UDC.

Unha vez finalizada e consensuada a guía docente, corresponderalle á persoa coordinadora de materia revisar a súa coherencia global e remitirla á coordinación de titulación para a súa validación definitiva e publicación.

c) Velar polo cumprimento dos compromisos adquiridos na guía docente durante o desenvolvemento da docencia e informar das posibles desviacións.

d) Velar pola coherencia na implantación das metodoloxías docentes, das actividades formativas e dos criterios de avaliación nos distintos grupos docentes da materia.

e) Coordinar a solicitude dos recursos materiais e as infraestruturas, necesarios para a docencia da materia, como material bibliográfico, o equipamento, as aulas e os laboratorios, entre outros.

f) Participar, cando proceda, nas accións de coordinación horizontal e vertical da titulación, especialmente nas orientadas á mellora da calidade docente.

g) Actuar como interlocutoras do profesorado da materia ante a coordinación de titulación e os órganos académicos da Universidade e participar nas reunións de coordinación e nos procesos académicos e de calidade cando así se requira.

h) Comunicarlle á coordinación de titulación e, se procede, ao centro ou departamento que corresponda, calquera incidencia relevante relacionada coa planificación ou co desenvolvemento da materia.

i) Asumir calquera outra función relacionada coa materia que lle sexa atribuída polas normativas internas vixentes da UDC ou polos órganos competentes da Universidade, no ámbito das súas funcións.

j) Coordinar a organización, co profesorado implicado na docencia da materia, dos recursos e as actividades desta no contorno virtual de aprendizaxe da UDC (plataforma LMS institucional, a día de hoxe «UDC Online»), así como noutras plataformas de uso docente, como Microsoft Teams.

CAPÍTULO IV. Dereitos, recursos, recoñecemento e participación institucional

Artigo 10. Dereitos xerais

1. Todas as persoas que exerzan funcións de coordinación académica ao abeiro deste regulamento terán dereito a un recoñecemento institucional acorde ao seu ámbito de actuación, así como á correspondente certificación oficial da súa función ou cargo.

Esta certificación será emitida, segundo o caso, pola Secretaría Xeral, no caso das coordinacións de titulación; polas secretarías dos centros, para as figuras designadas polo centro; ou polas secretarías dos departamentos, no caso das coordinacións de materia. En todos os casos, co apoio das unidades administrativas que lle correspondan.

2. A dedicación ás tarefas de coordinación será considerada como mérito específico nos procesos internos institucionais relacionados coa avaliación do profesorado, tanto no eido da docencia como da xestión. Así mesmo, será valorada nas convocatorias públicas promovidas pola UDC, tales como, programas de formación, innovación ou mellora da calidade, asignación de prazas para mobilidade internacional, cando así se recolla nas bases correspondentes e sempre que os perfís e os baremos correspondentes sexan establecidos pola propia universidade.

3. As persoas que exerzan funcións de coordinación académica terán acceso preferente a actividades de formación e actualización relacionadas co exercicio das súas funcións de coordinación, organizadas pola Universidade ou polos centros, segundo os termos que establezan as convocatorias.

4. As persoas que exerzan funcións de coordinación académica terán dereito a recibir información actualizada e relevante para o exercicio das súas funcións, así como a solicitar apoio e orientación por parte do equipo directivo do centro, dos departamentos implicados e dos servizos centrais da universidade.

Artigo 11. Recursos e apoios dispoñibles

1. As persoas responsables da coordinación de titulación e de materia poderán dispor, segundo as funcións asignadas e o ámbito de actuación correspondente, do seguinte:

- a) Acceso ás ferramentas e plataformas institucionais habilitadas para a xestión académica e a docencia. No caso das coordinacións de titulación tamén terán acceso ás plataformas de seguimento e avaliación da calidade das titulacións.
- b) No caso das coordinacións de materia, acceso aos contidos das edicións anteriores da materia no contorno virtual de aprendizaxe institucional, co fin de reutilizar, adaptar ou importar recursos e actividades de aprendizaxe, sempre de acordo coa persoa autora dos materiais, coa normativa de uso da plataforma e respectando os dereitos de autor e as licenzas dos materiais orixinais. No caso de que unha materia non teña profesorado asignado no POD ou existan circunstancias excepcionais que impidan o acceso ao contorno virtual por parte do profesorado asignado, poderáselle habilitar o acceso ao departamento responsable.
- c) No caso das coordinacións de titulación, e baixo circunstancias xustificadas, acceso aos contidos e actividades das materias do título no contorno virtual de aprendizaxe institucional, mesmo cando non participen na súa docencia. O acceso deberalle ser solicitado á vicerreitoría con competencias en titulacións, indicando a circunstancia concreta que estará relacionada coa planificación, a coordinación ou o seguimento académico do título.
- d) Apoio técnico e administrativo das secretarías de centro e de departamento, así como das correspondentes unidades implicadas na xestión académica e na xestión da calidade.

- e) Acceso aos datos académicos relevantes para a planificación, o seguimento e a mellora da titulación, incluíndo, entre outros, os resultados das enquisas de satisfacción, os indicadores de rendemento académico e os informes xerados nos procesos de seguimento, renovación da acreditación, verificación ou modificación da titulación.

Artigo 12. Participación institucional e coordinación

1. As persoas responsables da coordinación de titulación, curso, materia ou outras figuras recollidas neste regulamento poderán ser convidadas a participar, cando proceda e de acordo coa normativa de composición e funcionamento aplicable, nas comisións e órganos do centro ou da Universidade en que se debatan cuestións relacionadas coa planificación, seguimento ou mellora das titulacións en que realizan o labor de coordinación.
2. Poderán ser incluídas, segundo proceda, nas canles oficiais de comunicación do departamento, do centro e da Universidade, co fin de facilitar a visibilidade institucional e o contacto co estudantado e co profesorado.
3. As persoas coordinadoras manterán unha colaboración fluída cos equipos directivos dos centros, coas direccións de departamento e coas unidades responsables da calidade, no marco das súas respectivas competencias, para facilitar a xestión docente, a planificación académica, a coordinación horizontal e vertical da titulación e a xestión da calidade.

Artigo 13. Incentivos vinculados ao desempeño da coordinación

1. As condicións xerais para a asignación de reducións docentes por coordinación de titulacións de grao e mestrado, así como os límites de compatibilidade con outras funcións de xestión, rexeranse polo disposto na normativa de dedicación do persoal docente e investigador da UDC vixente no momento da súa aplicación.
2. Sen prexuízo do establecido na normativa referida no apartado anterior, a UDC poderá establecer convocatorias específicas destinadas ao recoñecemento e compensación do desempeño das funcións de coordinación de titulacións de grao e mestrado, que poderán incluír outro tipo de incentivos.
3. A concesión de incentivos académicos ou compensacións económicas vinculadas á coordinación de titulacións realizarase conforme ás bases das convocatorias que, en cada caso, publique a vicerreitoría competente, segundo os obxectivos institucionais fixados pola UDC. Estas bases establecerán as condicións e os criterios de participación, que poderán incluír, entre outros aspectos, a dedicación do profesorado, os resultados acadados nas avaliacións, a antigüidade na función ou a contribución a obxectivos estratéxicos.
4. A concesión de incentivos de carácter económico estará sempre condicionada á existencia de dotación orzamentaria específica e non xerará dereitos adquiridos nin efectos retroactivos.
5. Os centros e os departamentos poderán propoñer outras medidas complementarias de apoio ou recoñecemento á coordinación, de acordo coas súas competencias e disposicións.

Disposición adicional única. Equivalencia terminolóxica

Nas normativas internas da UDC en que se faga referencia á persoa responsable da titulación ou á persoa responsable dunha materia, entenderase que estas expresións son equivalentes ás figuras de coordinación de titulación e de materia reguladas neste documento, sempre que se refiran ao desempeño das funcións previstas neste regulamento.

Disposición transitoria única. Aplicación temporal

Esta normativa será de aplicación a partir dos nomeamentos das figuras de coordinación académica do curso 2025/26.

A vicerreitoría con competencias en materia de titulacións poderá emitir instrucións específicas para facilitar a progresiva adaptación das coordinacións académicas xa existentes aos requisitos e procedementos establecidos nesta normativa, co fin de garantir unha implantación ordenada e coherente no conxunto da UDC.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Quedan derogadas todas aquelas normas da UDC de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste regulamento ou que resulten incompatibles coa súa aplicación.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de titulacións para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad